

Circular 1/2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan para o curso 2018-2019 as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas polo Decreto 81/2018, do 19 de xullo.

O Decreto 81/2018, do 19 de xullo, establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico A1 e A2, intermedio B1 e B2 e avanzado C1 e C2. Esta norma dispón que a consellería competente en materia de educación regulará o procedemento de avaliación, promoción e permanencia do alumnado destas ensinanzas.

Así mesmo, a Orde do 18 de febreiro de 2011 (DOG do 26 de abril), pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, establece un itinerario formativo por medio dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC), e as probas para a acreditación do nivel acadado polo profesorado asistente a estes cursos.

Co obxecto de organizar, para o curso 2018-2019, as probas de certificación de nivel básico A2, intermedio B1 e B2 e avanzado C1 e C2, que inclúen o alumnado inscrito nos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC), o alumnado do programa CUALE e o alumnado dos cursos de formación do profesorado de preparación das probas de certificación das EOI, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa dita as seguintes instrucións:

1. PROBAS DE CERTIFICACIÓN

O Decreto 81/2018, establece que a consellería competente en materia de educación organizará, polo menos, unha convocatoria anual de probas para a obtención dos certificados de competencia xeral dos niveis e idiomas impartidos no seu ámbito de xestión.

Estas probas, comúns para todos os réximes e modalidades, terán lugar no mes de xuño en convocatoria ordinaria para o alumnado do réxime presencial e en convocatoria única para o alumnado do réxime libre. No mes de setembro, os centros administrarán a convocatoria extraordinaria unicamente para o alumnado do réxime presencial, o alumnado dos cursos CALC e do programa CUALE e o alumnado dos cursos de formación do profesorado de preparación das probas de certificación das EOI, que só terá que examinarse das destrezas non superadas na convocatoria ordinaria.

As probas de certificación de nivel básico A2 serán elaboradas polos correspondentes departamentos didácticos seguindo as instrucións establecidas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no correspondente documento de especificacións, mentres que as probas de certificación de nivel intermedio B1 e B2 e de nivel avanzado C1 serán deseñadas, a partir de tarefas redactadas polos departamentos didácticos das distintas escolas, por unha comisión de validación designada pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. As probas de nivel Avanzado C2 serán elaboradas por un grupo de traballo designado pola



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para cada un dos idiomas en que se imparte este nivel.

Procede, polo tanto, convocar as probas de certificación 2018-2019 para a obtención dos certificados dos niveis básico A2, intermedio B1 e B2 e avanzado C1 e C2, de acordo coas instrucións que figuran nesta circular.

1.1. Nivel básico A2

1.1.1. As probas de certificación de nivel básico A2 terán como referencia o nivel de competencia A2 do *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel básico A2 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.1.2. No curso 2018-2019 administraranse probas de certificación de nivel básico A2 nos seguintes idiomas: alemán, árabe, chinés, español como lingua estranxeira, francés, galego, inglés, italiano, portugués, ruso e xaponés.

1.1.3. As probas de nivel básico A2 seguirán o disposto na *Guía para as persoas candidatas das probas de certificación de nivel básico A2* (anexo I desta circular).

1.2. Nivel intermedio B1

1.2.1. As probas de certificación de nivel intermedio B1 terán como referencia o nivel de competencia B1 do *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel intermedio B1 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.2.2. No curso 2018-2019 administraranse probas de certificación de nivel intermedio B1 nos seguintes idiomas: alemán, árabe, chinés, español como lingua estranxeira, francés, galego, inglés, italiano, portugués, ruso e xaponés.

1.2.3. As probas de certificación de nivel intermedio B1 seguirán o disposto na *Guía para as persoas candidatas das probas de certificación de nivel intermedio B1* (anexo II desta circular).

1.3. Nivel intermedio B2

1.3.1. As probas de certificación de nivel intermedio B2 terán como referencia o nivel de competencia B2 do *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel intermedio B2 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.3.2. No curso 2018-2019 administraranse probas de certificación de nivel intermedio B1 nos seguintes idiomas: alemán, árabe, español como lingua estranxeira, francés, galego, inglés, italiano, portugués e xaponés.

1.3.3. As probas de certificación de nivel intermedio B2 seguirán o disposto na *Guía para as persoas candidatas das probas de certificación de nivel intermedio B2* establecida (anexo III desta circular).



1.4. Nivel avanzado C1

1.4.1. As probas de certificación de nivel avanzado C1 terán como referencia o nivel de competencia C1 do *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel avanzado C1 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.4.2. No curso 2018-2019 administraranse probas de certificación de nivel avanzado C1 nos seguintes idiomas: alemán, español como lingua estranxeira, francés, galego, inglés, italiano e portugués.

1.4.3. As probas de certificación de nivel avanzado C1 seguirán o disposto na *Guía para as persoas candidatas das probas de certificación de nivel avanzado C1* (anexo IV desta circular).

1.5. Nivel avanzado C2

1.5.1. A proba de certificación de nivel avanzado C2 terá como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel avanzado C2 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.5.2. No curso 2018-2019 administrárase a proba de certificación de nivel avanzado C2 nos idiomas galego, inglés e portugués.

1.5.3. A proba de certificación de nivel avanzado C2 seguirá o disposto na *Guía para as persoas candidatas das probas de certificación de nivel C2* (anexo V desta circular).

2. ACCESO ÁS PROBAS

2.1. Alumnado de ensinanza libre

2.1.1. Poderanse matricular nas probas de certificación do idioma que cursaran como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan dezaseis anos cumpridos ou que os cumbran antes do 31 de decembro de 2019.

2.1.2. Poderanse matricular nas probas de certificación dos idiomas que non cursaran como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan catorce anos cumpridos ou que os cumbran antes do 31 de decembro de 2019.

2.1.3. O alumnado libre poderá matricularse nos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 das probas de certificación, previo pagamento dos prezos públicos correspondentes, sen que sexa requisito obter o certificado do nivel ou niveis anterior(es).

2.1.4. O alumnado que xa realizou estudos nunha escola oficial de idiomas en cursos anteriores e desexe matricularse polo réxime libre noutra escola en 2018-2019, deberá indicar esta circunstancia coa súa solicitude de matrícula para que a escola onde se matricula como alumno libre solicite o traslado de expediente á escola de orixe.

2.2. Alumnado de ensinanza presencial

2.2.1. O alumnado presencial matriculado nun curso final de nivel terá que superar a proba de certificación correspondente para obter o certificado dese nivel que lle permita promocionar, se é o caso, ao nivel inmediatamente superior. Este alumnado non terá que facer os trámites anteriores, ao ter xa dereito á proba pola súa matrícula como alumnado presencial no curso.

2.2.2. O alumnado presencial que desexe realizar as probas de certificación de calquera idioma e nivel poderá matricularse nestas unicamente na EOI na que é alumno/a, de acordo co disposto no apartado 2.1 desta circular. Se o idioma do que desexa matricularse polo réxime libre non se impartise na EOI da que é alumno/a presencial, poderá matricularse excepcionalmente noutra escola que imparta esa lingua, indicando esta circunstancia coa súa solicitude de matrícula coa finalidade de que a dita escola solicite unha copia do seu expediente académico á escola de orixe.

2.2.3. O alumnado afectado pola incorporación do plan anterior, a que fai referencia o apartado 24 da Circular 3/2018 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2018-2019, poderá realizar as probas de certificación do nivel anterior para o que debe formalizar a matrícula seguindo o procedemento recollido nesta circular. Este alumnado disporá das convocatorias ordinaria e extraordinaria para superar as probas e non terá que aboar os prezos públicos polo acceso ás probas de certificación.

2.2.4. O disposto no apartado anterior é de aplicación unicamente para o alumnado que estivera matriculado no 1º curso de calquera nivel no ano académico 2017-2018 e accedera ao 1º curso do seguinte nivel no ano académico 2018-2019, ben a través das táboas de acceso establecidas no anexo III do Decreto 81/2018, ben a través do procedemento de reasignación de nivel, no caso do alumnado a que fai referencia o apartado 9.2 da Circular 3/2018.

2.3. Alumnado do programa *That's English!*

2.3.1. O alumnado do programa *That's English!* terá que superar a proba de certificación de nivel básico A2 ao remate do módulo 4 para acadar a certificación do dito nivel.

2.3.2. O alumnado que estea a cursar o módulo 8 deberá superar a proba de certificación de nivel intermedio B1 para acadar a certificación do dito nivel.

2.3.3. O alumnado que estea a cursar o módulo 12 deberá superar a proba de certificación de nivel intermedio B2 para acadar a certificación do dito nivel.

2.3.4. Este alumnado non terá que aboar prezos públicos polo acceso ás probas de certificación.

2.3.5. Os centros de apoio titorial deberán remitirille a relación de alumnado, co nome, apelidos, DNI e nivel que corresponda, aos centros de apoio administrativo respectivos para que as EOI onde vaian realizar a proba inclúan este alumnado nas probas de certificación de nivel básico A2, intermedio B1 ou avanzado B2.

2.3.6. As probas de certificación do alumnado do programa *That's English!* realizaranse nos centros que figuran no anexo VI desta circular.

2.4. Alumnado procedente dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC)

2.4.1. O alumnado dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) establecidos no artigo 5.1 da Orde do 18 de febreiro de 2011 que desexe certificar o nivel que estea a cursar, deberá formalizar a matrícula seguindo o procedemento recollido nesta circular, indicando o idioma e nivel do curso CALC que está a realizar, na aplicación web de matrícula.

2.4.2. O alumnado de nivel C2 destes cursos deberá realizar a matrícula de xeito presencial na EOI correspondente.

2.4.3. O alumnado procedente dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) que cumpra os requisitos de asistencia aos cursos e se matricule para realizar as probas de certificación terá carácter de alumnado presencial para os efectos do número de convocatorias, polo que disporá das convocatorias ordinaria e extraordinaria para superar as probas correspondentes, unicamente no idioma e nivel cursado, sempre que formalizase a matrícula na escola ou sección en que cursou o CALC e o indicase na aplicación web de matrícula. Para isto deberá presentar o documento da realización do dito curso, emitido polo CFR, onde conste que a persoa cumpre o citado requisito de asistencia. Este documento só terá validez para os efectos de matrícula e o alumnado que non o presente terá dereito unicamente á convocatoria de xuño.

2.4.4. As persoas candidatas procedentes dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) non terán que aboar os prezos públicos correspondentes ao concepto de matriculación por idioma, sempre que vaian realizar as probas de certificación do idioma e nivel correspondente por primeira vez. No caso de se matricularen por primeira vez nunha escola oficial de idiomas na Comunidade Autónoma de Galicia, estas persoas deberán aboar os prezos públicos correspondentes á apertura de expediente.

2.5. Alumnado procedente do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (CUALE)

2.5.1. O alumnado procedente dos cursos CUALE establecidos na Orde do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado, CUALE, nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia que desexe certificar o nivel do curso que estea a cursar, deberá formalizar a matrícula seguindo o procedemento recollido nesta circular.

2.5.2. O alumnado procedente dos cursos CUALE 2018-2019 que se matricule para realizar as probas de certificación terá carácter de alumnado presencial a efectos do número de convocatorias, polo que disporá das convocatorias ordinaria e extraordinaria para superar as probas correspondentes, unicamente no idioma e nivel cursado no programa CUALE, e non terá que aboar prezos públicos polo acceso ás probas de



certificación. Esta exención inclúe o concepto de apertura de expediente académico, polo tanto, se este alumnado se matricula noutro nivel ou idioma polo réxime libre, deberá aboar unicamente o concepto de matrícula por idioma en réxime libre.

2.5.3. Os centros onde teñen lugar os cursos CUALE enviarán á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa as listaxes por idioma e nivel correspondentes ao alumnado de cada curso. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa facilitaralle a cada escola oficial de idiomas as listaxes de alumnado CUALE correspondentes á escola e seccións, se é o caso.

2.6. Alumnado procedente dos cursos de formación de profesorado de preparación das probas de certificación das EOI

2.6.1. O alumnado procedente dos cursos de formación de profesorado de preparación das probas de certificación das EOI deberá formalizar a matrícula seguindo o procedemento recollido nesta circular.

2.6.2. O alumnado de nivel C2 destes cursos deberá realizar a matrícula de xeito presencial na EOI correspondente. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa facilitaralle a cada escola oficial de idiomas, as listaxes de alumnado dos cursos de nivel C2 antes do inicio do período de matrícula.

2.6.3. O alumnado procedente destes cursos terá carácter de alumnado presencial para os efectos do número de convocatorias, polo que disporá das convocatorias ordinaria e extraordinaria para superar as probas correspondentes, unicamente no idioma e nivel cursado, sempre que formalizase a matrícula na escola ou sección en que realizou o curso e o indicase na aplicación web de matrícula.

3. MATRÍCULA NAS PROBAS

3.1. Prazo de matrícula

O prazo de matrícula nas probas de certificación para o alumnado libre, incluído o profesorado que asiste aos cursos CALC ou aos cursos de formación do profesorado de preparación das probas de certificación das EOI e o alumnado procedente dos cursos CUALE, será do 13 de marzo ao 2 de abril de 2019, ambos incluídos. A aplicación web de matrícula permanecerá aberta ata as 12:00 do mediodía do 2 de abril.

3.2. Trámites de inscrición e aboamento dos prezos públicos correspondentes

3.2.1. Documentación

A matrícula realizarase en liña, dende o enderezo seguinte:

<https://www.informaticacentros.com/xunta/>

A aplicación web de matrícula nas probas de certificación estará operativa ata as 12:00 do mediodía do 2 de abril de 2019.



A matrícula feita en liña non terá validez ata que o alumnado a formalice, nos horarios dispostos para o efecto, na secretaría da escola ou sección onde vai realizar a proba (agás nos centros indicados no punto 3.2.3 desta circular). Para formalizar a matrícula será necesaria a presentación na secretaría da seguinte documentación:

- O impreso de matrícula xerado pola aplicación web de matrícula, onde se indique(n) o(s) idioma(s) e o nivel ou niveis no(s) que se matricula.
- O resgardo do aboamento dos prezos públicos segundo o Decreto 89/2013, de 13 de xuño (DOG do 17 de xuño de 2013), polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.
- Unha fotocopia do DNI ou, no caso de persoas estranxeiras, NIE ou pasaporte.
- Para o alumnado que sexa menor de 16 anos a 31 de decembro de 2019, un certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obrigatoria no presente curso escolar, expedido polo centro onde estea matriculado, consonte o modelo do anexo VII.
- Para o alumnado dos cursos CALC, o documento da realización do curso, emitido polo CFR, onde conste que cumpre co requisito de asistencia.

3.2.2. A matrícula das probas de certificación para o alumnado libre poderase formalizar nas seccións das escolas oficiais de idiomas onde se vaian administrar estas, excepto nos centros seguintes: IES Manuel Murguía (Arteixo), IES Monte Castelo (Burela), IES Universidade Laboral (Culleredo), IES Xulián Magariños (Negreira), IES de Sar (Santiago de Compostela), IES Gregorio Fernández (Sarria), IES O Ribeiro (Ribadavia), IES de Celanova (Celanova), IES Blanco Amor (Ourense), IES Valle-Inclán (Pontevedra), IES de Rodeira (Cangas), IES Escolas Proval (Nigrán), IES Val do Tea (Ponteareas), IES Alexandre Bóveda (Vigo) e IES Pedro Floriani (Redondela), IES de Melide (Melide) e IES Lama das Quendas (Chantada), onde non se recollerá ningunha solicitude, polo que a matrícula deberá formalizarse na sede da EOI da que dependa cada sección.

3.2.3. O pagamento da matrícula para as probas de certificación do alumnado libre non poderá ser fraccionado.

3.3. Alumnado con diversidade funcional

3.3.1. De acordo co establecido no artigo 11.6. do Decreto 81/2018, do 19 de xullo, no caso do alumnado con diversidade funcional, o deseño, a administración e a avaliación das probas para a obtención dos certificados terán que basearse nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais deste alumnado.

3.3.2. O alumnado que precise condicións especiais para a realización das probas debido a algún tipo de discapacidade física ou sensorial, tales como discapacidade visual, parcial ou total, e algúns graos de discapacidade motriz e de hipocausia, transtornos da fala, ou discapacidades múltiples deberá xustificalo mediante a documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, deberá cubrir o formulario facilitado pola EOI (anexo VIII desta circular). A EOI poñerá esta circunstancia en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da xefatura territorial



respectiva para que se determinen as adaptacións pertinentes, tendo en conta as medidas recollidas no anexo IX.

3.4. Incompatibilidades

3.4.1. O alumnado non poderá estar matriculado no mesmo idioma e curso no mesmo ano académico por ensino presencial e libre simultaneamente.

3.4.2. Non se poderán examinar das probas de certificación dunha lingua aquelas persoas que participasen na súa elaboración ou no seu proceso de configuración final.

3.4.3. Así mesmo, o profesorado que imparta docencia nunha EOI, ou ben a impartira nalgún momento do curso académico 2018-2019 (no caso do profesorado interino ou substituto), non se poderá matricular nas probas de certificación de ningún idioma na propia EOI en que imparte ou impartira docencia no curso 2018-2019, e, no caso do(s) idioma(s) que imparte, tampouco se poderá matricular para realizar as probas de certificación en ningunha EOI de Galicia.

3.4.4. O persoal non docente destinado nunha escola oficial de idiomas ou sección no curso 2018-2019 non poderá matricularse nas probas de certificación polo réxime libre no centro onde desempeñe o seu labor, aínda que poderá formalizar a súa matrícula noutra escola ou sección. No caso de árabe e ruso, por seren idiomas que se imparten unicamente na EOI da Coruña, o persoal non docente que traballe nesta escola poderá formalizar a matrícula polo réxime libre neses idiomas no dito centro.

3.5. Estatística

Unha vez rematado o prazo de matrícula, e antes do 15 de maio, as EOI remitiranlle ao servizo de Ensinanzas de Réxime Especial unha estatística co número de matrícula por idioma, nivel e modalidade, separado por centros (sede central da EOI e seccións, se as houberse), consonte o anexo X desta circular. A estatística deberá incluír o número de tribunais previstos por idioma e nivel.

4. ESTRUCTURA, CUALIFICACIÓN E RECLAMACIÓN ÁS PROBAS

Os equipos directivos das EOI garantirán que o alumnado de todos os réximes e niveis dispoña de información completa sobre a estrutura, contido, criterios de avaliación e cualificación de todas as probas, así como das condicións e prazos de reclamación sobre a súa cualificación. Para isto, as escolas publicarán as instrucións establecidas nesta circular, xunto coas guías para as persoas candidatas das probas de nivel básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 que figuran nos respectivos anexos desta circular.

5. ADMINISTRACIÓN E CALENDARIO DAS PROBAS

5.1. As probas de certificación administraranse nas sedes das EOI e, se é o caso, nas súas seccións.

5.2. Para a súa correcta administración deberán terse en conta as guías de administración das probas de cada nivel que a Dirección Xeral de Educación, Formación



Profesional e Innovación Educativa lles remitirá ás escolas oficiais de idiomas.

5.3. As EOI ou seccións onde non estean implantadas as ensinanzas correspondentes a un curso final de nivel non administrarán nesa escola ou sección as probas de certificación polo réxime libre correspondentes ao dito nivel. Se estas ensinanzas están implantadas, as probas de certificación administraranse, aínda que o nivel non se impartira no centro na modalidade presencial no curso 2018-2019.

5.4. As probas de certificación de nivel avanzado C1 de español como lingua estranxeira polo réxime libre administraranse só na EOI de Vigo.

5.5. As probas de certificación de nivel avanzado C2 administraranse unicamente para o alumnado presencial e o alumnado dos cursos CALC e dos de formación do profesorado cursos de preparación das probas de certificación das EOI.

5.6. Para os niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, a parte escrita (comprensión de textos escritos, comprensión de textos orais, produción, coprodución e mediación escrita) das probas de certificación administraranse de acordo cos calendarios de administración que se achegan como anexo XI (convocatoria ordinaria) e anexo XII (convocatoria extraordinaria) a esta circular. Na convocatoria ordinaria a parte escrita das probas de certificación das distintas linguas terá lugar en distintas datas ou horas, na convocatoria extraordinaria as probas escritas ou orais de distintas linguas poderán ter lugar na mesma data e hora.

5.7. No caso de que, por razóns debidamente xustificadas e excepcionais por causas imputables ao centro, as probas de certificación non se puidesen administrar nos calendarios establecidos nos anexos XI e XII desta circular, a escola deberá informar e solicitar ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a autorización para administrar a proba de reserva noutra hora e/ou data.

5.8. As probas de nivel básico A2 de todos os idiomas realizaranse ao longo do mes de xuño, na convocatoria ordinaria, e na primeira semana do mes de setembro, na convocatoria extraordinaria, de acordo co calendario que estableza cada escola, que deberá publicarse antes do remate do prazo de inscrición, tanto nos taboleiros de anuncios como na páxina web da escola. Excepcionalmente, de acordo coas necesidades das escolas, as probas deste nivel poderán realizarse na última semana do mes de maio, previa autorización do servizo de inspección educativa correspondente.

5.9. As datas das probas de produción, coprodución e mediación oral serán fixadas por cada escola, que deberá facelas públicas, cando menos, cunha semana de antelación con respecto á realización da proba, tanto nos taboleiros de anuncios como na páxina web da escola. Estas probas poderán realizarse antes ou despois das probas escritas. Con carácter excepcional e de acordo coas necesidades das escolas, poderán realizarse probas orais na última semana do mes de maio, autorización do servizo de inspección educativa correspondente.

5.10. A EOI da Coruña establecerá o calendario de realización das probas de certificación de árabe e ruso. A EOI de Vigo establecerá o calendario de realización das probas de certificación de nivel intermedio B2 de xaponés, de nivel avanzado C1 de

español como lingua estranxeira e de nivel avanzado C2 de portugués.

5.11. A cualificación da produción, coprodución e mediación escrita e da produción, coprodución e mediación oral das probas será realizada por tribunais formados, polo menos, por dous membros do departamento correspondente. No caso de departamentos didácticos unipersoais, o Servizo de Inspección Educativa respectivo designará o profesorado que deberá desprazarse desde outra sede ou sección para a formación dos tribunais que garantan a correcta administración das probas.

5.12. As probas de certificación para o profesorado dos cursos CALC e dos cursos de formación do profesorado de preparación das probas de certificación das EOI realizaranse nas escolas onde se impartiron os cursos correspondentes, unicamente para o nivel ou niveis impartidos, e contarán con tribunais específicos para a súa administración e cualificación, dos que formará parte o profesorado que impartiu o(s) curso(s).

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2019

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

ANEXO I

GUÍA PARA AS PERSOAS CANDIDATAS

PROBAS DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL BÁSICO A2

ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS

GALICIA

CURSO 2018-2019



CONTIDO

1. Introducción
2. Perfil das persoas candidatas
3. Requisitos para presentarse ás probas
4. Número de convocatorias
5. Dereitos das persoas candidatas
6. Obrigas das persoas candidatas
7. Definición do nivel básico A2
8. Estrutura da proba de certificación de nivel básico A2
9. Distribución e orde de administración da proba
10. Competencias e contidos
11. Temas
12. Tipos de texto
13. Características de cada parte da proba
14. Resultados
15. Recomendacións finais



1. INTRODUCCIÓN

O presente documento contén a descrición das probas de certificación correspondentes ao nivel básico A2 que se realizarán durante o curso 2018-2019 nas escolas oficiais de idiomas (EOI) de Galicia. Ten a finalidade de facilitarlles información sobre a estrutura e o contido destas probas ás persoas candidatas.

As probas de certificación do nivel básico A2 están reguladas polo marco legal e administrativo establecido nos seguintes documentos:

- A **Lei orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación (BOE núm. 106, 4 de maio de 2006), modificada pola **Lei orgánica 8/2013**, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE núm. 295, martes 10 de decembro de 2013).
- O **Real decreto 1041/2017**, do 22 de decembro, polo que se fixan las exigencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1, e avanzado C2, das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto (BOE núm. 311, sábado 23 de decembro de 2017).
- O **Decreto 81/2018**, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 154 luns, 13 de agosto de 2018).
- A **Circular 3/2018** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2018-19.
- A **Circular 1/2019** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan para o curso 2018-2019 as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas polo Decreto 81/2018, do 19 de xullo.

2. PERFIL DAS PERSOAS CANDIDATAS

O perfil do alumnado das EOI é moi variado, tanto pola idade como pola súa formación, nivel cultural e motivación. En consecuencia, as probas estarán deseñadas para un alumnado heteroxéneo.

3. REQUISITOS PARA PRESENTARSE ÁS PROBAS

Poderán presentarse a estas probas aquelas persoas que desexen obter unha certificación académica que faga constar o seu nivel de competencia comunicativa no idioma obxecto de exame e que cumpran os seguintes requisitos:



- Ser maior de 16 anos (ou de 14, se se examina dunha lingua distinta á que cursa como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria) ou cumprilos no ano 2019, independentemente do seu nivel de estudos ou profesión.
- Efectuar, dentro dos prazos establecidos, os trámites de inscrición e aboar as taxas correspondentes para realizar as probas.

4. NÚMERO DE CONVOCATORIAS

O alumnado presencial disporá de dúas convocatorias para a obtención do certificado de nivel básico A2: unha convocatoria ordinaria en xuño e outra extraordinaria en setembro. O alumnado do réxime libre terá dereito unicamente á convocatoria ordinaria de xuño.

O calendario de probas para cada convocatoria será fixado por cada escola e poderá consultarse nas diferentes EOI e nas súas páxinas web.

5. DEREITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS

Adaptación da proba para persoas con diversidade funcional

É posible a adaptación da proba ás necesidades especiais daquelas persoas candidatas que presenten algún tipo de discapacidade motriz, visual ou auditiva.

As persoas candidatas que se matriculen en réxime libre deben declarar e xustificar estas circunstancias no momento de formalizar a matrícula mediante unha certificación oficial acreditativa da súa discapacidade e do grao desta. A escola poñerá en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da xefatura territorial respectiva para que emitan un informe sobre as medidas necesarias para avaliar estas persoas candidatas, tendo en conta as medidas recollidas no anexo IX da Circular 1/2019.

Xustificantes de asistencia

As persoas candidatas poderán solicitar un xustificante de asistencia ao exame. Este xustificante solicitaráselle ao profesorado administrador unha vez finalizada a proba escrita ou oral.

Dereito a reclamar

De acordo co establecido no apartado 28 da Circular 3/2018, calquera persoa candidata que estea en desacordo coa súa cualificación final poderá presentar unha reclamación ante a dirección da escola oficial de idiomas nun prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación dos resultados.

A reclamación terá que estar baseada nalgún dos seguintes aspectos:

- Inadecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación da proba aos establecidos no currículo oficial e na programación didáctica do departamento correspondente.
- Incorrecta aplicación dos procedementos e instrumentos de avaliación e/ou dos criterios de cualificación establecidos para estas probas.



A dirección da escola resolverá nos dous días hábiles seguintes á presentación da reclamación, ratificando ou rectificando a cualificación. Para iso, solicitaralle ao departamento o correspondente informe, no que deben constar as causas da ratificación ou rectificación da nota, e informará por escrito o alumnado implicado da resolución adoptada.

De continuar o desacordo coa cualificación, o alumnado ou o seu representante legal, no caso de menores de 18 anos, poderá interpoñer un recurso de alzada perante a xefatura territorial da consellería competente en materia de educación contra a resolución da dirección da escola, nun prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa recepción.

6. OBRIGAS DAS PERSOAS CANDIDATAS

As persoas candidatas deberán:

- Ser puntuais e presentarse na aula onde se realizará a proba escrita á hora indicada na convocatoria. Non se lle permitirá a entrada á aula a ningunha persoa candidata despois do último chamamento.
- Consultar a súa convocatoria concreta para a proba de produción, coprodución e mediación oral publicada polo centro. Esta proba oral poderá ser fixada para antes ou despois da proba escrita.
- Presentar o DNI, pasaporte ou calquera outro documento acreditativo da identidade cando llelo requiran na aula.
- Presentar o resgardo da matrícula (no caso das persoas candidatas libres).
- Usar bolígrafo azul ou negro para realizar o exame, porque as probas escritas con lapis ou emendadas con líquido ou cinta correctora non serán cualificadas.
- Manter apagados os teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico durante toda a proba.
- Entregar todos os documentos do exame (incluídos os borradores) ao finalizar a proba correspondente .
- Asinar na folla de sinaturas cando entregan cada parte da proba.
- Saír da aula con discreción e permanecer en silencio absoluto nos corredores do centro para non molestar as demais persoas que continúen realizando a proba.

7. DEFINICIÓN DO NIVEL BÁSICO A2

O nivel básico A2 das EOI de Galicia equivale ao nivel A2 definido no *Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL)*, un documento creado pola división de Política Lingüística do Consello de Europa, coa intención de proporcionar, en toda a súa zona de influencia, unha base común para a elaboración de programas de linguas, orientacións curriculares, exames, manuais etc.

Segundo o Decreto 81/2018, do 19 de xullo (DOG do 13 de agosto):



As ensinanzas do nivel básico A2 teñen a finalidade de capacitar o alumnado para levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Este nivel de uso do idioma permitirá igualmente actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

Con esta finalidade, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos breves nun rexistro neutro, que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel básico A2, o alumnado será capaz de:

- Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais, repeticións ou reformulacións.*
- Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos/as interlocutores/ as para manter a comunicación.*
- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiáns, especialmente se contan con apoio visual.*
- Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos breves e sinxelos sobre aspectos cotiáns e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.*
- Mediar entre falantes de distintas linguas en situacións de carácter habitual en que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.*

**8. ESTRUCTURA DA PROBA DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL BÁSICO A2**

PARTES DA PROBA (ACTIVIDADES DE LINGUA)	PUNTUACIÓN MÍNIMA	PUNTUACIÓN TOTAL
COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	15 puntos	25
PRODUCCIÓN, COPRODUCCIÓN E MEDIACIÓN ESCRITA	15 puntos	25
COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	15 puntos	25
PRODUCCIÓN, COPRODUCCIÓN E MEDIACIÓN ORAL	15 puntos	25
TOTAL	60 puntos	100 puntos

9. DISTRIBUCIÓN E ORDE DE ADMINISTRACIÓN DA PROBA

A proba administrárase en dúas sesións, unha para a parte escrita e outra para a proba de produción, coprodución e mediación oral.

SESIÓN I

ACTIVIDADE DE LINGUA	DURACIÓN
COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	50 minutos
PAUSA	10 minutos
PRODUCCIÓN, COPRODUCCIÓN E MEDIACIÓN ESCRITA	50 minutos
PAUSA	10 minutos
COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	30 minutos
TOTAL	2 h 30 minutos

No caso de árabe, chinés, ruso e xaponés os tempos poderán ser distintos.

SESIÓN II

ACTIVIDADE DE LINGUA	DURACIÓN (POR PARELLA)
PRODUCCIÓN, COPRODUCCIÓN E MEDIACIÓN ORAL	15 minutos
TOTAL	15 minutos

A sesión correspondente á actividade de lingua de produción, coprodución e mediación oral poderá ter lugar antes ou despois da sesión correspondente ás outras actividades de lingua. A intervención das persoas candidatas gravárase en audio.

10. COMPETENCIAS E CONTIDOS

As competencias e os contidos serán os descritos no currículo vixente para as escolas oficiais de idiomas, para o nivel básico A2 (Decreto 81/2018, do 19 de xullo de 2018, anexo I, epígrafes 1.2, 2.2, 3.2, 4.2 e 5. Competencias e contidos).



11. TEMAS

Os temas serán os recollidos no currículo vixente para as escolas oficiais de idiomas, para o nivel básico A2 (Decreto 81/2018, do 19 de xullo de 2018, anexo I, epígrafe 4.2.6). Cubrirase a maior variedade de temas posible e evitarase repetir temas nas diferentes tarefas:

- Identificación persoal
- Vivenda, fogar e contorna
- Relacións familiares e sociais
- Traballo e profesións
- Servizos públicos
- Tempo libre e ocio
- Alimentación
- Viaxes
- Información e medios de comunicación
- Compras e actividades comerciais
- Saúde e coidados físicos
- Educación
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente
- Ciencia e tecnoloxía

12. TIPOS DE TEXTO

Os textos serán os descritos no currículo vixente para as escolas oficiais de idiomas, para o nivel básico A2 (Decreto 81/2018, do 19 de xullo de 2018, anexo I). Cubrirase a maior variedade de tipoloxía textual posible e evitarase repetir a tipoloxía textual nas diferentes tarefas.

Utilizaranse textos auténticos, na súa forma orixinal ou adaptados, ou verosímiles adaptados ás características e obxectivos das tarefas:

POSIBLES TEXTOS ESCRITOS	POSIBLES TEXTOS ORAIS
<ul style="list-style-type: none"> • Anuncios publicitarios • Axendas e diarios • Billetes e entradas • Biografía • Cartas de restaurantes e menús • Carteis, letreiros e sinais 	<ul style="list-style-type: none"> • Conversas cara a cara • Conversas telefónicas sinxelas • Instrucións e anuncios • Presentacións públicas



<ul style="list-style-type: none"> • Carteleiras de espectáculos • Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...) • Dicionarios • Etiquetas de produtos e embalaxes • Folletos informativos ou publicitarios • Formularios • Horarios • Informacións meteorolóxicas • Instrucións sinxelas • Listaxes • Notas e mensaxes • Programacións de radio e televisión • Receitas de cociña moi sinxelas • Textos sinxelos e breves 	
---	--

13. CARACTERÍSTICAS DE CADA PARTE DA PROBA

COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender información global e ideas principais • Comprender información detallada • Comprender información explícita
NÚMERO DE TAREFAS: Entre 3 e 5	
POSIBLE FORMATO DAS TAREFAS	
<ul style="list-style-type: none"> • Emparellar textos escritos con enunciados, títulos ou imaxes que resuman a idea principal • Contestar preguntas de resposta breve • Discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas • Contestar preguntas de opción múltiple (a, b, c) cunha soa resposta correcta 	



COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender información global e ideas principais • Comprender información detallada • Comprender información explícita
NÚMERO DE TAREFAS: Entre 3 e 5	
POSIBLE FORMATO DAS TAREFAS	
<ul style="list-style-type: none"> • Emparellar textos con imaxes, con enunciados ou con títulos moi breves que resuman a idea principal • Contestar preguntas de resposta moi breve • Completar información nunha táboa, nun esquema, nun diagrama ou nun gráfico • Contestar preguntas de opción múltiple (a, b, c) cunha soa resposta correcta <p>As gravacións correspondentes a cada tarefa escoitaranse dúas veces.</p> <p>Ningunha persoa candidata poderá abandonar a aula antes de que remate a audición de todos os documentos sonoros.</p>	

PRODUCCIÓN, COPRODUCCIÓN E MEDIACIÓN ESCRITA	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitar e transmitir información • Describir persoas, lugares ou obxectos • Relatar experiencias cotiás ou accións presentes ou pasadas • Escribir sobre proxectos ou plans • Expresar opinións, sentimentos e desexos
NÚMERO DE TAREFAS: 2	
DESCRIPCIÓN DA PROBA	
<p>TAREFA 1: Coprodución escrita e mediación</p> <p>Extensión: mínimo 70 palabras - máximo 90 palabras</p> <p>TAREFA 2: Produción escrita</p> <p>Extensión: mínimo 80 palabras - máximo 100 palabras</p> <p>Trataranse todos e cada un dos puntos indicados nas tarefas.</p> <p>No caso de árabe, chinés, ruso e xaponés o número de palabras ou caracteres poderán ser distintos.</p>	
	<p>Dobre corrección por un tribunal de 2 profesores/as</p> <p>Utilizarase un baremo baseado nos seguintes criterios:</p> <p>EFICACIA COMUNICATIVA, ADECUACIÓN E MEDIACIÓN</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ao cumprimento da función comunicativa da tarefa.



AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Ao tratamento dos puntos indicados na tarefa cun contido axeitado. • Á capacidade para transmitir a información dos textos fonte. • Á organización da información e das ideas. • Ao uso dun rexistro axeitado en función da persoa destinataria, do propósito comunicativo e da situación. • Á utilización dun formato textual apropiado. • Á extensión do texto. <p>COHESIÓN</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ao uso de conectores (<i>e, pero, porque</i>), pronomes, adverbios e demais elementos deícticos ou de referencialidade. • Ao uso adecuado da puntuación. <p>RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Á variedade e precisión das estruturas morfosintácticas. • Ao grao de corrección morfosintáctica. • Ao grao de corrección ortográfica. <p>RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Á variedade e precisión do léxico utilizado. • Ao grao de corrección léxica.
-------------------	---

PRODUCCIÓN, COPRODUCCIÓN E MEDIACIÓN ORAL

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Relatar experiencias cotiás ou accións presentes ou pasadas • Describir persoas, lugares ou obxectos • Falar de proxectos ou plans • Iniciar, manter e concluír unha conversa • Tomar e ceder a quenda de palabra • Intercambiar e transmitir información, cooperar e negociar • Realizar propostas • Expresar opinións e desexos • Mostrar que se entende ou pedir aclaracións
-------------------	---



	<ul style="list-style-type: none"> • Responder/ realizar preguntas breves e sinxelas
NÚMERO DE TAREFAS: 2	
DESCRIPCIÓN DA PROBA	
A proba realizarase por parellas (ou tríos, se é o caso) e será gravada en audio.	
A proba constará das seguintes fases:	
Acollida (non avaliable)	
Tarefa 1. Producción oral semiguiada	
<ul style="list-style-type: none"> • Preparación: 1 minuto • Intervención individual: 2 minutos 	
Tarefa 2. Coproducción oral e mediación	
<ul style="list-style-type: none"> • Preparación: 1 minuto • Intervención conxunta: 2-3 minutos (4-5 minutos en caso de trío) 	
Despedida (non avaliable)	
No caso de árabe, chinés, ruso e xaponés os tempos poderán ser distintos.	
AVALIACIÓN	<p>Tribunal formado por 2 profesores/as</p> <p>Utilizarase un baremo baseado nos seguintes criterios:</p> <p>ADECUACIÓN E MEDIACIÓN</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Á capacidade de colaborar e interactuar co/ coa interlocutor/a. • Á capacidade para transmitir a información dos textos fonte. • Ao cumprimento das funcións comunicativas da tarefa. • Ao desenvolvemento dos puntos indicados na tarefa cun contido axeitado. • Ao uso dun rexistro axeitado en función da persoa destinataria, do propósito comunicativo e da situación. <p>COHERENCIA E COHESIÓN</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Á organización da información e das ideas de modo que o discurso sexa comprensible. • Ao uso de conectores (<i>e, pero, porque</i>) e de elementos deícticos ou de referencialidade. <p>FLUIDEZ, PRONUNCIA E ENTOACIÓN</p> <p>Refírese:</p>



AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Á duración e á frecuencia das pausas. • Á intelixibilidade do discurso. <p>RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL:</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Á variedade e precisión das estruturas morfosintácticas. • Ao grao de corrección morfosintáctica. <p>RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA:</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Á variedade e precisión do léxico utilizado. • Ao grao de corrección léxica.
-------------------	---

14. RESULTADOS

Os resultados das probas de ambas as convocatorias publicaranse antes de finalizar o mes da súa realización. Cada escola determinará a data exacta de publicación.

A cualificación outorgada será APTO, NON APTO ou NON PRESENTADO, segundo corresponda.

A cualificación será APTO cando se obteñan 15 puntos de 25 (o 60%) en cada unha das actividades de lingua; é necesario aprobar todas e cada unha das actividades de lingua para superar a proba de certificación.

O alumnado presencial que se presente á convocatoria extraordinaria de setembro só terá que examinarse das actividades de lingua non aprobadas na convocatoria ordinaria de xuño.

De non obteren a cualificación de APTO en todas as actividades de lingua na convocatoria de setembro, as persoas candidatas deberán presentarse de novo en convocatorias posteriores ás probas de certificación para seren avaliadas de todas as actividades de lingua.

As persoas candidatas que obteñan a cualificación de NON APTO na proba de certificación, se aprobaron algunha/s actividade/s de lingua, poderán solicitar unha certificación académica de que acadaron o dominio requirido na/s actividade/s de lingua aprobada/s.

A escola oficial de idiomas na que se realiza a proba expediralles o correspondente certificado de nivel básico A2 a aquelas persoas candidatas que superen esta proba. Para obter este certificado acreditativo, a persoa candidata non terá que realizar trámite ningún. A EOI, logo de emitir os ditos certificados, realizará a comunicación oportuna.



15. RECOMENDACIÓNS FINAIS

Antes da proba

- Lea atentamente a guía para persoas candidatas e familiarícese co proceso de realización das probas.
- Asegúrese do día, hora e aula de cada parte da proba escrita.
- Consulte a súa convocatoria concreta para a proba de expresión oral publicada polo centro; lembre que esta proba poderá ser fixada para antes ou despois da proba escrita.

Durante a proba

- Lea con atención todas as instrucións.
- Distribúa adecuadamente o tempo de que dispón para realizar as diferentes tarefas. Resulta conveniente reservar uns minutos finais para poder facer un repaso xeral e corrixir posibles erros.
- Escriba con letra clara en todas as partes da proba.
- Escriba ou marque as respostas con claridade.

Despois da proba

- Abandone a aula con discreción e permaneza en silencio para non incomodar as demais persoas que continúen realizando as probas.

ANEXO II

GUÍA PARA AS PERSOAS CANDIDATAS

PROBAS DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL INTERMEDIO B1

ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS

GALICIA

CURSO 2018-2019



CONTIDO

1. Introducción
2. Perfil das persoas candidatas
3. Requisitos para presentarse ás probas
4. Número de convocatorias
5. Dereitos das persoas candidatas
6. Obrigas das persoas candidatas
7. Definición do nivel intermedio B1
8. Estrutura da proba de certificación de nivel intermedio B1
9. Distribución e orde de administración da proba
10. Competencias e contidos
11. Temas
12. Tipos de texto
13. Características de cada parte da proba
14. Resultados
15. Recomendacións finais



1. INTRODUCCIÓN

O presente documento contén a descrición das probas de certificación correspondentes ao nivel intermedio B1 que se realizarán durante o curso 2018-2019 nas escolas oficiais de idiomas (EOI) de Galicia. Ten a finalidade de facilitarlles información sobre a estrutura e o contido destas probas ás persoas candidatas.

As probas de certificación do nivel intermedio B1 están reguladas polo marco legal e administrativo establecido nos seguintes documentos:

- A **Lei orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación (BOE núm. 106, 4 de maio de 2006), modificada pola **Lei orgánica 8/2013**, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE núm. 295, martes 10 de decembro de 2013).
- O **Real decreto 1041/2017**, do 22 de decembro, polo que se fixan las exigencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1, e avanzado C2, das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto (BOE núm. 311, sábado 23 de decembro de 2017).
- O **Decreto 81/2018**, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 154 luns, 13 de agosto de 2018).
- A **Circular 3/2018** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2018-19.
- A **Circular 1/2019** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan para o curso 2018-2019 as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas polo Decreto 81/2018, do 19 de xullo.

2. PERFIL DAS PERSOAS CANDIDATAS

O perfil do alumnado das EOI é moi variado, tanto pola idade como pola súa formación, nivel cultural e motivación. En consecuencia, as probas estarán deseñadas para un alumnado heteroxéneo.

3. REQUISITOS PARA PRESENTARSE ÁS PROBAS

Poderán presentarse a estas probas aquelas persoas que desexen obter unha certificación académica que faga constar o seu nivel de competencia comunicativa no idioma obxecto de exame e que cumpran os seguintes requisitos:



- Ser maior de 16 anos (ou de 14, se se examina dunha lingua distinta á que cursa como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria) ou cumprilos no ano 2019, independentemente do seu nivel de estudos ou profesión.
- Efectuar, dentro dos prazos establecidos, os trámites de inscrición e aboar as taxas correspondentes para realizar as probas.

4. NÚMERO DE CONVOCATORIAS

O alumnado presencial disporá de dúas convocatorias para a obtención do certificado de nivel intermedio B1: unha convocatoria ordinaria en xuño e outra extraordinaria en setembro.

O alumnado do réxime libre terá dereito unicamente á convocatoria ordinaria de xuño.

O calendario de probas para cada convocatoria será o fixado nos anexos XI (convocatoria ordinaria) e XII (convocatoria extraordinaria) da Circular 1/2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e poderá consultarse nas diferentes EOI e nas súas páxinas web.

5. DEREITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS

Adaptación da proba para persoas con diversidade funcional

É posible a adaptación da proba ás necesidades especiais daquelas persoas candidatas que presenten algún tipo de discapacidade motriz, visual ou auditiva.

As persoas candidatas que se matriculen en réxime libre deben declarar e xustificar estas circunstancias no momento de formalizar a matrícula mediante unha certificación oficial acreditativa da súa discapacidade e do grao desta. A escola poñerá en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da xefatura territorial respectiva para que emitan un informe sobre as medidas necesarias para avaliar estas persoas candidatas, tendo en conta as medidas recollidas no anexo IX da Circular 1/2019.

Xustificantes de asistencia

As persoas candidatas poderán solicitar un xustificante de asistencia ao exame. Este xustificante solicitaráselle ao profesorado administrador unha vez finalizada a proba escrita ou oral.

Dereito a reclamar

De acordo co establecido no apartado 28 da Circular 3/2018, calquera persoa candidata que estea en desacordo coa súa cualificación final poderá presentar unha reclamación ante a dirección da escola oficial de idiomas nun prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación dos resultados.

A reclamación terá que estar baseada nalgún dos seguintes aspectos:

- Inadecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación da proba aos establecidos no currículo oficial e na programación didáctica do departamento correspondente.



- Incorrecta aplicación dos procedementos e instrumentos de avaliación e/ou dos criterios de cualificación establecidos para estas probas.

A dirección da escola resolverá nos dous días hábiles seguintes á presentación da reclamación, ratificando ou rectificando a cualificación. Para iso, solicitarlle ao departamento o correspondente informe, no que deben constar as causas da ratificación ou rectificación da nota, e informará por escrito o alumnado implicado da resolución adoptada.

De continuar o desacordo coa cualificación, o alumnado ou o seu representante legal, no caso de menores de 18 anos, poderá interpoñer un recurso de alzada perante a xefatura territorial da consellería competente en materia de educación contra a resolución da dirección da escola, nun prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa recepción.

6. OBRIGAS DAS PERSOAS CANDIDATAS

As persoas candidatas deberán:

- Ser puntuais e presentarse na aula onde se realizará a proba escrita á hora indicada na convocatoria. Non se lle permitirá a entrada á aula a ningunha persoa candidata despois do último chamamento.
- Consultar a súa convocatoria concreta para a proba de produción, coprodución e mediación oral publicada polo centro. Esta proba oral poderá ser fixada para antes ou despois da proba escrita.
- Presentar o DNI, pasaporte ou calquera outro documento acreditativo da identidade cando llelo requiran na aula.
- Presentar o resgardo da matrícula (no caso das persoas candidatas libres).
- Usar bolígrafo azul ou negro para realizar o exame, porque as probas escritas con lapis ou emendadas con líquido ou cinta correctora non serán cualificadas.
- Manter apagados os teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico durante toda a proba.
- Entregar todos os documentos do exame (incluídos os borradores) ao finalizar a proba correspondente .
- Asinar na folla de sinaturas cando entregan cada parte da proba.
- Saír da aula con discreción e permanecer en silencio absoluto nos corredores do centro para non molestar as demais persoas que continúen realizando a proba.

7. DEFINICIÓN DO NIVEL INTERMEDIO B1

O nivel intermedio B1 das EOI de Galicia equivale ao nivel B1 definido no *Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL)*, un documento creado pola división de Política Lingüística do Consello de Europa, coa intención de proporcionar, en toda a súa zona de influencia, unha base común para a elaboración de programas de linguas, orientacións



curriculares, exames, manuais etc.

Segundo o Decreto 81/2018, do 19 de xullo (DOG do 13 de agosto):

As ensinanzas do nivel intermedio B1 teñen por obxecto capacitar o alumnado para desenvolverse na maioría das situacións que poden xurdir cando viaxa por lugares en que se utiliza o idioma; no establecemento e mantemento de relacións persoais e sociais con usuarios e usuarias doutras linguas, tanto cara a cara como a través de medios técnicos; e en ámbitos educativos e ocupacionais nos cales se producen sinxelos intercambios de carácter factual.

Con este fin, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma con certa flexibilidade, relativa facilidade e razoable corrección en situacións cotiás e menos habituais nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, para comprender, producir, coproducir e procesar textos orais e escritos breves ou de extensión media, nun rexistro formal, informal ou neutro e nunha variedade estándar da lingua, que versen sobre asuntos persoais e cotiás ou aspectos concretos de temas xerais, de actualidade ou de interese persoal, e que conteñan estruturas sinxelas e un repertorio léxico común non moi idiomático.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel intermedio B1, o alumnado será capaz de:

– *Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes explícitas dos/as falantes en textos orais breves ou de extensión media, ben estruturados, claramente articulados a velocidade lenta ou media e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha variedade estándar da lingua, que traten de asuntos cotiás ou coñecidos, ou sobre temas xerais, ou de actualidade, relacionados coas súas experiencias e cos seus intereses, e sempre que as condicións acústicas sexan boas, se poida volver escoitar o que se dixo e se poidan confirmar algúns detalles.*

– *Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como a través de medios técnicos, textos orais breves ou de media extensión, ben organizados e adecuados ao contexto, sobre asuntos cotiás, de carácter habitual ou de interese persoal, e desenvolverse cunha corrección e fluidez suficientes para manter a liña do discurso, cunha pronuncia claramente intelixible, aínda que ás veces resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas para realizar unha planificación sintáctica e léxica, ou reformular o que se dixo, ou corrixir erros cando a persoa interlocutora indica que hai un problema, e sexa necesaria certa cooperación desta para manter a interacción.*

– *Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes explícitas do autor ou da autora en textos escritos breves ou de media extensión, claros e ben organizados, en lingua estándar e sobre asuntos cotiás, aspectos concretos de temas xerais, de carácter habitual, de actualidade ou de*



interese persoal.

– *Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos breves ou de extensión media, sinxelos e claramente organizados, adecuados ao contexto (persoa destinataria, situación e propósito comunicativo), sobre asuntos cotiáns, de carácter habitual ou de interese persoal, utilizando con razoable corrección un repertorio léxico e estrutural habitual relacionado coas situacións máis predicibles e os recursos básicos de cohesión textual, e respectando as convencións ortográficas e de puntuación fundamentais.*

– *Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións de carácter habitual nas cales se producen sinxelos intercambios de información relacionados con asuntos cotiáns ou de interese persoal.*

8. ESTRUCTURA DA PROBA DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL INTERMEDIO B1

PARTES DA PROBA (ACTIVIDADES DE LINGUA)	PUNTUACIÓN MÍNIMA	PUNTUACIÓN TOTAL
COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	15 puntos	25
PRODUCCIÓN, COPRODUCCIÓN E MEDIACIÓN ESCRITA	15 puntos	25
COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	15 puntos	25
PRODUCCIÓN, COPRODUCCIÓN E MEDIACIÓN ORAL	15 puntos	25
TOTAL	60 puntos	100 puntos

9. DISTRIBUCIÓN E ORDE DE ADMINISTRACIÓN DA PROBA

A proba administrárase en dúas sesións, unha para a parte escrita e outra para a proba de produción, coprodución e mediación oral.

SESIÓN I

ACTIVIDADE DE LINGUA	DURACIÓN
COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	60 minutos
PAUSA	10 minutos
PRODUCCIÓN, COPRODUCCIÓN E MEDIACIÓN ESCRITA	75 minutos
PAUSA	10 minutos
COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	40 minutos
TOTAL	3 h 15 min

No caso de árabe, chinés, ruso e xaponés os tempos poderán ser distintos.

SESIÓN II

ACTIVIDADE DE LINGUA	DURACIÓN (POR PARELLA)
PRODUCCIÓN, COPRODUCCIÓN E MEDIACIÓN ORAL	15 minutos
TOTAL	15 minutos



A sesión correspondente á actividade de lingua de produción, coprodución e mediación oral poderá ter lugar antes ou despois da sesión correspondente ás outras actividades de lingua. A intervención das persoas candidatas gravarase en audio.

10. COMPETENCIAS E CONTIDOS

As competencias e os contidos da proba de certificación de nivel intermedio B1 serán os descritos no currículo vixente para as escolas oficiais de idiomas (Decreto 81/2018, do 19 de xullo).

11. TEMAS

Os temas sobre os que se basearán as distintas tarefas da proba de certificación de nivel intermedio B1 serán os descritos no currículo vixente para as escolas oficiais de idiomas (Decreto 81/2018, do 19 de xullo, anexo I, epígrafes 1.2.6, 2.2.6, 3.2.6, 4.2.6 e 5.2). Cubrirase a maior variedade de temas posible e evitarase repetir temas nas diferentes tarefas:

- Actividades da vida diaria
- Alimentación e restauración
- Clima e contorna natural
- Compras e actividades comerciais
- Educación e estudo
- Familia e amizades
- Identificación persoal
- Lingua e comunicación
- Relacións humanas e sociais
- Saúde e coidados físicos
- Tecnoloxías da información e da comunicación
- Tempo libre e ocio
- Traballo e ocupacións
- Transporte, bens e servizos
- Viaxes e vacacións
- Vivenda, fogar e contorna

12. TIPOS DE TEXTO

Utilizaranse textos auténticos na súa forma orixinal ou adaptados ás características e obxectivos das tarefas:



POSIBLES TEXTOS ORAIS	POSIBLES TEXTOS ESCRITOS
<ul style="list-style-type: none">• Anuncios publicitarios na radio e televisión e anuncios por megafonía• Instrucións e indicacións detalladas• Conversas cara á cara e en grupo• Reunións de traballo• Debates• Discusións formais• Entrevistas: de traballo, académicas, médicas etc.• Enquisas• Textos audiovisuais: películas, programas de TV ou de radio, telexornais, documentais, material gravado• Conferencias, presentacións e declaracións públicas• Cancións• Representacións teatrais• Conversas telefónicas e mensaxes en contestadores automáticos	<ul style="list-style-type: none">• Anuncios publicitarios (en paneis, na prensa etc.) e anuncios por palabras• Correspondencia persoal e formal (cartas comerciais, reclamacións, pedimentos, telefax, notas, mensaxes, invitacións, felicitacións etc.)• Textos xornalísticos (noticias, reportaxes, crónicas, cartas ao director, artigos de opinión, entrevistas)• Informes• Resumos e esquemas• Apuntamentos• Textos literarios (contos, relatos breves, poemas, diálogos teatrais)• Bandas deseñadas e tiras cómicas• Documentos oficiais (formularios, impresos, instancias)• Documentos comerciais (contratos, facturas, albarás, cartas comerciais, extractos bancarios)• Catálogos• Manuais de instrucións• Guións• Currículos• Dicionarios• Prospectos• Receitas de cociña• Adiviñas• Biografía



13. CARACTERÍSTICAS DE CADA PARTE DA PROBA

COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender información global e ideas principais. • Comprender información detallada. • Comprender información de forma selectiva. • Comprender información implícita e explícita. • Comprender opinións, actitudes.
NÚMERO DE TAREFAS: entre 3 e 5	
POSIBLE FORMATO DAS TAREFAS	
<ul style="list-style-type: none"> • Emparellar textos con imaxes, con enunciados ou con títulos que resuman a idea principal. • Contestar preguntas de resposta breve. • Ordenar parágrafos ou frases. • Discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas. • Responder preguntas de opción múltiple (a, b, c) cunha soa resposta correcta. 	

COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender información global e ideas principais. • Comprender información detallada. • Comprender información de forma selectiva. • Comprender información explícita. • Comprender opinións. • Ordenar e discriminar información.
NÚMERO DE TAREFAS: entre 3 e 5	
POSIBLE FORMATO DAS TAREFAS	
<ul style="list-style-type: none"> • Emparellar textos con imaxes, con enunciados ou con títulos que resuman a idea principal. • Contestar preguntas de resposta breve. • Completar información en esquemas, diagramas etc. • Discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas. • Responder preguntas de opción múltiple (a, b, c) cunha soa resposta correcta. <p>As gravacións correspondentes a cada tarefa escoitaranse dúas veces.</p> <p>Ningunha persoa candidata poderá abandonar a aula antes de que remate a audición de todos os documentos sonoros.</p>	



PRODUCCIÓN, COPRODUCCIÓN E MEDIACIÓN ESCRITA	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitar e transmitir información. • Expoñer e avaliar información. • Describir experiencias, espazos, persoas e sensacións. • Narrar sucesos e acontecementos. • Expresar desexos. • Formular propostas e conclusións. • Expresar e xustificar opinións. • Resumir e mediar.
NÚMERO DE TAREFAS: 2	
DESCRIPCIÓN DA PROBA	
<p>TAREFA 1: Escribir correspondencia formal ou informal. Extensión: mínimo 110 palabras - máximo 140 palabras</p> <p>TAREFA 2: Escribir un texto narrativo, expositivo ou descritivo (sobre temas cotiáns de carácter xeral) para unha revista ou un xornal, un foro da Internet, unha web etc. Extensión: mínimo 140 palabras - máximo 170 palabras</p> <p>Trataranse todos e cada un dos puntos indicados nas tarefas.</p> <p>No caso de árabe, chinés, ruso e xaponés o número de palabras ou caracteres poderán ser distintos.</p>	
AVALIACIÓN	<p>Dobre corrección por un tribunal de 2 profesores/as</p> <p>Utilizarase un baremo baseado nos seguintes criterios:</p> <p>EFICACIA COMUNICATIVA E MEDIACIÓN</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ao cumprimento das funcións comunicativas da tarefa. • Ao tratamento dos puntos indicados na tarefa cun contido axeitado. • Á capacidade para transmitir a información dos textos fonte. <p>ADECUACIÓN</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ao estilo adoptado. • Ao uso dun rexistro axeitado en función da persoa destinataria, do propósito comunicativo e da situación. • Á utilización dun formato textual apropiado. • Á extensión do texto. <p>ORGANIZACIÓN E COHESIÓN</p>



AVALIACIÓN	<p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Á organización da información e das ideas. • Á utilización de conectores e outros mecanismos de cohesión. • Á distribución en parágrafos. • Ao uso adecuado da puntuación. <p>RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Á variedade e precisión das estruturas morfosintácticas. • Ao grao de corrección morfosintáctica. • Ao grao de corrección ortográfica. <p>RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Á variedade e precisión dos recursos léxicos. • Ao grao de corrección léxica.
-------------------	--

PRODUCCIÓN, COPRODUCCIÓN E MEDIACIÓN ORAL

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Describir experiencias, espazos, persoas e sensacións. • Narrar sucesos e acontecementos. • Realizar propostas. • Realizar proxectos ou plans. • Expresar puntos de vista e opinións. • Mostrar acordo e desacordo. • Intercambiar información, cooperar e negociar para chegar a un consenso. • Reformular información.
-------------------	---

NÚMERO DE TAREFAS: 2

DESCRIPCIÓN DA PROBA

A proba realizarase por parellas (ou tríos, se é o caso) e será gravada en audio.

A proba constará das seguintes fases:

Acollida (non avaliable)

Tarefa 1. Exposición dun tema.

- A exposición realizarase individualmente seguindo as instrucións dunha ficha que entrega o/a profesor/a administrador/a.
- Cada persoa candidata terá ata 3 minutos para preparar o seu tema.
- Unha vez transcorrido o tempo de preparación, cada persoa candidata expoñeralle o seu tema ao/á



compañeiro/a durante 2-3 minutos.

- Ao finalizar cada exposición, o/a profesor/a administrador/a realizaralle unha pregunta sobre o tema á persoa candidata que escoita.

Tarefa 2. Diálogo entre as persoas candidatas sobre unha situación comunicativa da vida cotiá.

- Lectura das instrucións da tarefa: 2 minutos.
- Diálogo: 3-4 minutos (6 en caso de trío).

Despedida (non avaliable).

No caso de árabe, chinés, ruso e xaponés os tempos poderán ser distintos.

AVALIACIÓN

Tribunal formado por 2 profesores/as

Un/ha profesor/a administra e o/a outro/a avalía

Utilizarase un baremo baseado nos seguintes criterios:

EFICACIA COMUNICATIVA, ADECUACIÓN E MEDIACIÓN

Refírese:

- Ao cumprimento das funcións comunicativas da tarefa.
- Ao desenvolvemento dos puntos indicados na tarefa cun contido axeitado.
- Á capacidade de colaborar e interactuar coa persoa interlocutora.
- Á capacidade para transmitir a información dos textos fonte.
- A organización da información e das ideas.
- Ao uso de estruturas organizativas, conectores e outros mecanismos de cohesión.
- Ao uso dun rexistro axeitado en función da persoa destinataria, do propósito comunicativo e da situación.

FLUIDEZ, PRONUNCIA E ENTOACIÓN

Refírese:

- Á duración e á frecuencia das pausas.
- Á intelixibilidade do discurso.
- Á variación na entoación.

RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL

Refírese:

- Á variedade e precisión das estruturas morfosintácticas.
- Ao grao de corrección morfosintáctica.

RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA

Refírese:



- | |
|---|
| <ul style="list-style-type: none">• Á variedade e precisión dos recursos léxicos.• Ao grao de corrección léxica. |
|---|

14. RESULTADOS

Os resultados das probas de ambas as convocatorias publicaranse antes de finalizar o mes da súa realización. Cada escola determinará a data exacta de publicación.

A cualificación outorgada será APTO, NON APTO ou NON PRESENTADO, segundo corresponda.

A cualificación será APTO cando se obteñan 15 puntos de 25 (o 60%) en cada unha das actividades de lingua; é necesario aprobar todas e cada unha das actividades de lingua para superar a proba de certificación.

O alumnado presencial que se presente á convocatoria extraordinaria de setembro só terá que examinarse das actividades de lingua non aprobadas na convocatoria ordinaria de xuño.

De non obteren a cualificación de APTO en todas as actividades de lingua na convocatoria de setembro, as persoas candidatas deberán presentarse de novo en convocatorias posteriores ás probas de certificación para seren avaliadas de todas as actividades de lingua.

As persoas candidatas que obteñan a cualificación de NON APTO na proba de certificación, se aprobaron algunha/s actividade/s de lingua, poderán solicitar unha certificación académica de que acadaron o dominio requirido na/s actividade/s de lingua aprobada/s.

A escola oficial de idiomas na que se realiza a proba expediralles o correspondente certificado de nivel intermedio B1 a aquelas persoas candidatas que superen esta proba. Para obter este certificado acreditativo, a persoa candidata non terá que realizar trámite ningún. A EOI, logo de emitir os ditos certificados, realizará a comunicación oportuna.

15. RECOMENDACIÓNS FINAIS

Antes da proba

- Lea atentamente a guía para persoas candidatas e familiarícese co proceso de realización das probas.
- Asegúrese do día, hora e aula de cada parte da proba escrita.
- Consulte a súa convocatoria concreta para a proba de expresión oral publicada polo centro; lembre que esta proba poderá ser fixada para antes ou despois da proba escrita.

Durante a proba

- Lea con atención todas as instrucións.
- Distribúa adecuadamente o tempo de que dispón para realizar as diferentes tarefas. Resulta conveniente reservar uns minutos finais para poder facer un repaso xeral e corrixir posibles erros.



- Escriba con letra clara en todas as partes da proba.
- Escriba ou marque as respostas con claridade.

Despois da proba

- Abandone a aula con discreción e permaneza en silencio para non incomodar as demais persoas que continúen realizando as probas.